

O ANTIGO RÉXIME (SS. XVI-XVII)

Humanismo e Renacemento

- Nace en Italia no S.XV e difúndese por Europa no S.XVI.
- O antropocentrismo substitúe ao teocentrismo.
- Recuperación da Antigüidade clásica: Grecia e Roma.
- Valoración das linguas propias de cada pobo.
- A experimentación é a vía do coñecemento (Empirismo).
- Inicio da ciencia moderna baseada no racionalismo e no empirismo.
 - Cartografía: Mercator.
 - Medicina: Vesalio, Miguel Servet.
 - Química: Paracelso.
 - Astronomía: Copérnico (teoría heliocéntrica, 1512).
- Crítica filolóxica e histórica ⇒ Análise dos textos antigos.
- Humanistas:
 - Erasmo de Rotterdam ⇒ Critica os vicios da Igrexa a favor dun cristianismo sinxelo e individual.
 - Luis Vives ⇒ Importancia da educación.
 - Tomás Moro: *Utopía* (Organización política ideal).
- Modelos clásicos na arte do Renacemento: Grecia e Roma.
- O home é a medida de todas as cousas.
- Importancia dos **mecenas**: Medicis (Florencia), Sforza (Milán), Gonzaga (Mantua), Papa (Roma).
- Difusión ⇒ A imprenta (Gutenberg, 1455).
- Pensamento político
 - **Maquiavelo (1469-1527) : O Príncipe**
 - Non intervención da Igrexa nos asuntos políticos.
 - O gobernante ideal vela polo interese do Estado e consegue os obxectivos propostos.
 - A razón de Estado.

Os Reis Católicos

- ❖ 1469: Matrimonio de Sabela de Castela e Fernando de Aragón.
- ❖ 1474-1504: Sabela raíña de Castela.
- ❖ 1479-1516: Fernando rei de Aragón.
- ❖ 1504: Xoana raíña de Castela.
- ❖ 1516: Carlos de Habsburgo.

Unión dinástica

- Unión de Aragón e Castela pero mantéñense as particularidades de cada territorio.
- Integración dos reinos peninsulares
 - ☒ 1492: Conquista de Granada.
 - ☒ 1512: Incorporación de Navarra (Foros).
- Política de alianzas con Portugal.

A monarquía autoritaria ⇒ Medios para o reforzamento do poder real

- **CONSELLOS**: axudan aos reis nas tarefas de goberno: de Castela, de Aragón, de Facenda, de Indias, etc.
- **AUDIENCIAS** e **CHANCELERÍAS**: administración de xustiza e recopilacións de leis (Leis de Toro, 1505).
- **TRIBUNAL DA INQUISICIÓN** para perseguir herexes e xudaizantes (xudeus conversos que practicaban en secreto a súa relixión).
- **SANTA IRMANDADE** (1476): milicia civil para poñer orde nos campos e camiños.
- Nomeamento de **CORREXIDORES** nas cidades.
- Reforma da Facenda para cortar o poder económico da nobreza.
- Redución da influencia das Cortes que foron convocadas poucas veces.
- Exército permanente de mercenarios.

- **Galicia** ⇒ Fin da revolta Irmandiña
⇒ Control da nobreza

Expansión e alianzas

- Coroa de Aragón ⇒ Expansión polo Mediterráneo.
 - Recuperación do Rosellón e a Cerdaña (1493).
 - Nápoles (1503) ⇒ Campañas do Gran Capitán.
- Coroa de Castela ⇒ Atlántico.
 - Descubrimento (1492) e conquista de América.
 - Canarias (1496).

Os descubrimentos xeográficos (SS. XV-XVI)

Causas da ampliación do mundo coñecido:

- ❖ Instrumentos de navegación: compás, cartas de navegación, astrolabio.
- ❖ Perfeccionamento das embarcacións: carabela.
- ❖ Afán de lucro.
- ❖ Difusión de libros coa idea da redondez da Terra.
- ❖ Peche das rutas con Oriente coa caída de Constantinopla (1453) en poder dos turcos.
- ❖ Espírito misioneiro.
- ❖ Tendencia expansionista de España e Portugal despois da Reconquista.

Descubrimentos portugueses (S. XV-XVI)

- ❖ 1487: Bertomeu Días dobra o cabo de Boa Esperanza.
- ❖ 1498: Vasco da Gama chega á India.
 - ⇒ Imperio marítimo apoiado en centros comerciais en África e Asia: Goa, Macao.
- ❖ 1500: Pedro Alvares Cabral descubre Brasil.

Descubrimentos casteláns (S.XV-XVI)

- ❖ Colón propón á raíña Isabel de Castela a ruta atlántica para chegar a Oriente.
⇒ **1492: DESCUBRIMENTO DE AMÉRICA**
- ❖ Conquista e colonización de América.
- ❖ 1512: Ponce de León descubre Florida.
- ❖ 1513: Vasco Núñez de Balboa descubre o Pacífico e Díaz de Solís o Río da Prata.
- ❖ 1519-1522: Volta ao mundo de Magalhaes e Elcano.
- ❖ Conquista de Filipinas.

Consecuencias dos descubrimentos:

- **Culturais**
 - Ampliación do mundo coñecido.
 - Confirmación da esfericidade da Terra.
 - Cambios nas costumes e nas dietas.
 - Inicio da europeización do mundo.
 - Expansión do catolicismo.
- **Económicas**
 - Crecemento do comercio ⇒ Interrelación económica mundial.
 - Desenvolvemento das técnicas comerciais.
 - Auxe das cidades relacionadas co mercado atlántico.
- **Sociais**
 - Auxe da burguesía.
 - Emigración europea ás novas terras ⇒ Mistura de razas.
 - Diminución das poboacións indíxenas: guerras, enfermidades novas, traballo forzado.
 - Traslado de poboación negra escrava cara a América.
- **Políticas**
 - Conversión de Portugal e Castela en potencias imperiais.
 - Conflictos polo control das rutas e o comercio.
 - Dominio de Europa.

A economía do Antigo Réxime

O mundo rural

- Moitas propiedades amortizadas (de mans mortas) cultivadas por campesiños (arrendamento ou foro).
- Importancia dos comunais.
- Explotacións de subsistencia.
- Baixos rendementos.
- Técnicas tradicionais: rotación trienal, barbeito, ferramentas rudimentarias.
- Frecuentes malas colleitas ⇒ Crises de subsistencia.
- Introducción de novos cultivos: millo, pataca.
- Importancia secundaria da gandaría.
- Contrato de foro (contrato de longa duración polo que se cede o usufruto da terra a cambio dunha renda).

Actividades artesanais e comerciais

- Control dos gremios da produción artesanal.
- Importancia da industria téxtil de la e liño.
 - ↳ Inicio do sistema a domicilio (*domestic system*).
- Dominio do autoconsumo na maioría da poboación.
- Aumento do comercio ⇒ Especialización e interrelación mundial: TRIÁNGULO EUROPA-ÁFRICA-AMÉRICA.
- Agrupación de mercaderes en compañías comerciais que xestionan zonas en réxime de monopolio.
- **MERCANTILISMO**:
 - Evitar a saída de metais preciosos.
 - Aumentar as exportacións e diminuír as importacións.
 - Protexer os produtos propios: Proteccionismo.
 - Estado debe controlar a actividade económica.
- Desenvolvemento do espírito empresarial
 - × Empresas nas que se separan capital e traballo.
 - × Bancos e medios de pagamento (letras de cambio).

A sociedade estamental

Privilexiados: nobreza e clero

- Exención fiscal.
- Monopolio dos cargos públicos (herencia).
- Oficialidade do exército.
- Propietarios de terras ⇒ Señoríos:
 - Cobro de rendas (espírito rendista).
 - Xurisdición sobre as terras e os habitantes.
- **Nobreza**
 - Antiga nobreza ⇒ nacemento.
 - Nobreza nova ⇒ servizos, matrimonio ou compra de título.
 - Alta nobreza: duques, condes.
 - Baixa nobreza: cabaleiros, fidalgos, baróns.
- **Clero**
 - Grandes propietarios de terras (rendas).
 - Cobro dos décimos.
 - Destino dos segundóns das familias nobres.
 - Diferenzas:
 - Alto clero: bispos, abades, cóengos.
 - Baixo clero: cregos, monxes, párrocos.

Non privilexiados: Terceiro Estado

- Pagan impostos.
- Grupo moi heteroxéneo:
 - Burguesía
 - Alta: banqueiros, comerciantes.
 - Urbana.
 - Pequena burguesía: artesáns, tendeiros.

- Asalariados: empregados en talleres, criados.
- Campesiños e xornaleiros: traballan no campo nas súas terras (propiedade ou arrendadas) ou nas de outros (a cambio dun xornal).
- Pobres, vagabundos.

O réxime demográfico antigo

- Familia extensa ⇒ Solidariedade e axuda mutua.
- Matrimonio relativamente tardío.
- Natalidade e mortalidade elevadas (35-45‰).
- Baixa esperanza de vida.
- Mortalidade catastrófica: guerras, fames, epidemias.
- Distribución xeográfica irregular.

Monarquía absoluta e réxime señorial. O Estado Moderno

- Monarquía hereditaria.
- Poder absoluto do rei.
- Xustificación divina da orixe do poder: Bodin, Bossuet.
- Aumento do control da monarquía da recadación de impostos.
- Crecemento da administración real ⇒ Aumento do número de funcionarios (burocracia).
- O Estado ten o monopolio da violencia ⇒ Exército.
- Monarquías compostas ⇒ Territorios con diferencias xurídicas e administrativas (privilexios, moeda, lingua).
- Pervivencia do **réxime señorial** ⇒ Territorios baixo o poder dos *señores*:
 - Xurisdición sobre as súas terras.
 - Recadación de impostos.
 - Dereitos señoriais: corveas, privilexios e monopolios.
- Os reis tratan de estender a súa autoridade a todo o territorio ⇒ Revoltas dos súbditos.

Reforma protestante e Contrarreforma católica

A Reforma protestante

a. Lutero

- 1517: 95 Teses de Wittenberg.
- **Puntos fundamentais** da doutrina luterana:
 - O xusto sálvase pola fe.
 - Nega o valor das indulxencias e a existencia do Purgatorio.
 - Libre interpretación da Biblia ⇒ Négalle á Igrexa católica a autoridade na interpretación bíblica ⇒ pódese traducir.
 - Sacramentos válidos: Bautismo e Eucaristía.
 - Supresión do culto á Virxe, aos Santos e ás imaxes.
 - Crítica ao poder absoluto do Papa.
 - Supresión do celibato eclesiástico.

b. Calvino

- **Predestinación** ⇒ As obras non importan. Quen está predestinado a condenarse condenarase.
- Vida austera e fe intensa son signos de predestinación.
- Severidade e intolerancia ⇒ Control da vida pública e privada.
- A Biblia única fonte de fe.
- Pastores escollidos polos fieis.
- Extensión do calvinismo: Países Baixos, Escocia, Inglaterra, Francia.

c. Igrexa anglicana

- Henrique VIII quere o divorcio de Catalina de Aragón para casar con Ana Bolena.
- 1534: Acta de Supremacía ⇒ O rei é a máxima autoridade relixiosa.
- Mistura de principios católicos e luteranos.
- Persecucións de católicos e calvinistas.

A Contrarreforma católica

- **Instrumentos da Contrarreforma:**
 - Inquisición.
 - Compañía de Xesús (Ignacio de Loiola, 1534).
 - Concilio de Trento (1545-1563).
- **Normas de Trento:** † A salvación conséguese coa fe e as obras.
 - † A Biblia é a fonte de fe e a Igrexa a interpreta (en latín, prohibido traducir).
 - † Os sacramentos son sete.
 - † A Virxe e os santos poden recibir culto.
 - † Normas para evitar a mala conducta do clero.
 - † Seminarios para formación de sacerdotes.
 - † Establecemento do catecismo.
 - † Obrígase aos bispos a residir nas súas dióceses.
 - † Labor misioneira noutros continentes.

A supremacía hispánica

Características da monarquía hispánica

- Unión de Coroas que mantiñan as súas particularidades.
- Dispersión territorial dos reinos.
- Poder autoritario do rei.
- Nomeamento de representantes reais nos territorios e asesoría de Consellos no goberno.
- Castela centro da monarquía.
- Potencia hexemónica.
- Participación en guerras por diferentes motivos: hexemónicos, relixiosos, dinásticos ⇒ Endebedamento.
- Deficiente aproveitamento do comercio americano. ➤ Beneficio de comerciantes estranxeiros.
 - Monopolio de Sevilla.

O Imperio cristián universal de Carlos I (1500-1558)

- Unión de territorios por herencia e dereito a ser elixido Emperador ⇒ Carlos V (1519).
- Importancia da defensa da cristiandade.
- 1520-21: **COMUNIDADES** de Castela.
 - Oposición ás medidas do novo rei.
 - Comuneiros derrotados en Villalar e execución dos líderes.
- 1520-23: **XERMANÍAS** de Valencia e Mallorca.
 - Irmandades de artesáns contra os señores.
- Guerras contra Francia (Francisco I) pola hexemonía europea.
- Guerras contra os protestantes:
 - Apoio ao luteranismo de príncipes alemáns.
 - Guerra contra os protestantes con vitorias non decisivas (Batalla de Mühlberg, 1547).
 - Decreto de Augsburgo (1555) ⇒ Dereito dos príncipes a establecer a súa relixión.
- Loita contra os turcos (Solimán o Magnífico)
 - ✧ Vitorias en Viena e Túnez.
 - ✧ Derrota en Alxer.
- División na herencia:
 - ✧ Imperio para Fernando (irmán).
 - ✧ Monarquía hispánica para Felipe (fillo).

A monarquía católica de Felipe II (1527-1598)

- ❖ **Defensa do catolicismo** (espírito da Contrarreforma) ⇒ Intolerancia e Inquisición.
 - **Rebelión dos Países Baixos** (1566) contra o dominio español unindo causas relixiosas (calvinistas).
 - Represión do duque de Alba que leva á *lenda negra*.
 - 1581: As provincias do Norte declaranse independentes.
 - **Sublevación dos mouriscos de Granada** (1567-70) ⇒ Derrotados e obrigados a dispersarse.

- ❖ **Mantemento da hexemonía en Europa ⇒ Guerras contra Francia** (Henrique II).
 - Vitoria de San Quintín.
 - Apoio español aos católicos franceses contra os hugonotes.
 - Tratados de paz (Cateau-Cambrésis, 1559).
- ❖ **Loita contra o expansionismo turco**
 - Participación na Santa Liga co Papa e Venecia ⇒ Batalla de Lepanto (1576).
↳ Fin da hexemonía turca no Mediterráneo.
- ❖ **Política contra Inglaterra** (ataques corsarios, anglicanismo, apoio aos holandeses rebeldes).
 - 1588: Armada Invencible ⇒ fracaso español.
- ❖ **Problemas do reinado:**
 - Escasa poboación en relación con outros países europeos polas guerras e a emigración a América.
 - Gran cantidade de ouro e prata que aumentan os prezos.
 - Bancarrotas sucesivas pola necesidade de financiar as guerras.

A Monarquía hispánica e a Europa do S.XVII

Felipe III (1578-1621)

- ❖ Valido: duque de Lerma.
- ❖ Política de treguas.
- ❖ Dificultades para manter os gastos.
- ❖ Reforzamento dos inimigos de España.
- ❖ 1609: Expulsión dos mouriscos ⇒ Perda demográfica e económica.
- ❖ **1618: GUERRA DOS TRINTA ANOS**
 - España, Austria, príncipes alemáns católicos e o Papa contra príncipes alemáns protestantes, Holanda, Dinamarca e Suecia.
 - Francia e Inglaterra contra España.
 - Motivos ► Católicos contra protestantes.
► Rivalidade polo dominio europeo.
 - Conflito continuo en distintos escenarios.
 - **1648:** Paz de Westfalia:
 - Confirmación do Decreto de Augsburgo.
 - Límite do poder do Emperador fronte a Dieta.
 - Suecia e Francia gañan territorios.
 - España reconece a independencia de Holanda.
- ❖ O enfrontamento hispano-francés continúa ata 1659.

Felipe IV (1605-1665)

- ❖ Valido (primeiro ministro): conde-duque de Olivares.
- ❖ Guerra dos Trinta Anos ⇒ Enormes gastos que agravan a crise económica.
- ❖ 1643: Derrota de Rocroi.
- ❖ Paz de Westfalia (1648) ⇒ Independencia dos Países Baixos.
- ❖ 1659: Paz con Francia (Tratado dos Pirineos)
 - ⇒ España perde territorios na fronteira franco-alemana e franco-flamenga.
- ❖ **Fin da hexemonía española.**
- ❖ Política interior: Intento de uniformización e centralización (*Unión de Armas*) ⇒ Eliminación de privilexios.
- ❖ Exército permanente.
- ❖ Extensión das leis de Castela.
- ❖ 1640: Rebelións
 - ★ Cataluña (guerra ata 1652).
 - ★ Portugal (independencia: 1668).
 - ★ Aragón, Nápoles, Sicilia.

Carlos II (1661-1700)

- ❖ 1665-1675: Rexencia de Mariana de Austria.
- ❖ Guerras con Francia pola supremacía en Europa ⇒ Perda de territorios a favor de Francia.
- ❖ 1668: Independencia de Portugal (Paz de Lisboa).
- ❖ Falta de herdeiro ⇒ Formación de bandos en torno aos pretendentes: Carlos de Austria y Felipe de Borbón.